



A Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT) reunida en data 12 de febreiro de 2026, **CONSIDERA PERTINENTE**, de acordo á instrución 4/2010 do 26 de abril da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, a inclusión na guía farmacoterapéutica das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, do medicamento considerado de alto impacto, sanitario, social e económico:

TREOSULFAN

Para o tratamento en combinación con fludarabina como parte dun acondicionamento previo a un trasplante aloxénico de proxenitores hematopoiéticos (aloTPH), tanto en pacientes adultos como pediátricos maiores dun mes con neoplasias malignas e enfermidades benignas.

Outras consideracións:

- De acordo coa evidencia científica dispoñible, considéranse candidatos a acondicionamento con treosulfan aqueles pacientes que cumpran cun perfil clínico compatible con reximenes de intensidade reducida, especialmente:

- Pacientes de idade avanzada.
- Pacientes con comorbilidades relevantes

- A elección entre **treosulfan e as alternativas existentes**, efectuarase atendendo principalmente a criterios de eficiencia, correspondendo a decisión final ó comité de transplante da área.

Esta resolución e comunicada nesta data a Comisión de Farmacia e Terapéutica do seu hospital.

O presidente da Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica
Alfredo José Silva Tojo

Santiago de Compostela (data e sinatura dixital na marxe)

Xerentes da Áreas Sanitarias do Servizo Galego de Saúde